

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN NO ENTORNO SANITARIO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

1. Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa FEDERACIÓN AUTISMO o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día seguinte da súa sinatura ata o 31/12/2018.
2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:
 - o desenvolvemento das seguintes accións:
 - Desenvolvemento de actividades de sensibilización para a sociedade en xeral.
 - Desenvolvemento de actividades formativas específicas para profesionais no ámbito do TEA.
 - Desenvolvemento de actividades relacionadas coa promoción da saúde, a adquisición de hábitos saudables e habilidades funcionais nas persoas con TEA..
3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:
 - o Plan Estratéxico de Saúde Mental recolle entre os seus obxectivos operativos o establecemento dun “programa antiestigma, de sensibilización social e loita contra a exclusión, que promova a inclusión e integración social de pacientes con trastorno mental severo e persistente”, polo que son de interese as actividades de divulgación e sensibilización desde a Federación Autismo Galicia encamiñadas a estes obxectivos.
 - Que entre as actividades da Federación Autismo Galicia, dado que agrupa diversas entidades e organizacións da nosa Comunidade Autónoma, dedicada especificamente ao ámbito das persoas con trastorno do espectro autista (TEA), atópanse aquelas que teñen como finalidade a información, valoración e asesoramento aos enfermos e ás súas familias; así como actividades relacionadas coa sensibilización, información e difusión deste trastorno.
5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Xerencia do Servizo Galego de Saúde



Documento firmado digitalmente por:
Fernández-Campa García-Bernardo, Antonio: 04/05/2018 13:52
P4G4-BOAH-OFEK-D515-2543-4748-381